



## GUÍA DO CURSO

### **OBRADOIRO BÁSICO DE LECTOESCRITURA DIXITAL**



**EDICIÓN 2013**



- Índice
- Descrición do curso..... 3
- Persoas titoras..... 3
- Obxectivos..... 3
- Competencias profesionais do profesorado..... 3
- Contidos..... 3
- Correlación das competencias básicas cos contidos do curso..... 3
- Metodoloxía..... 4
- Seguimento e desenvolvemento do curso..... 4
- Comunicación coas persoas titoras..... 4
- Avaliación..... 5
- Requirimentos para seguir o curso..... 5

## DESCRIPCIÓN DO CURSO

Este obradoiro de lectura e de escrita é unha actividade aberta a todo o profesorado, e malia ser unha actividade relacionada coas novas tecnoloxías, co eido dixital, do que realmente se trata é da aprendizaxe e do ensino da lectura e da escritura, un proceso que atinxe a todas as áreas e materias ao longo do sistema educativo.

Ao longo do mesmo terás a oportunidade de preparar o teu caderno persoal onde exercitarás a comprensión lectora e a expresión escrita. Iso si, o teu caderno será virtual, como o serán os teus escritos; serán multimedia, incluso interactivos, e poderán voar – se así o desexas – pola rede até as aulas, até os teus alumnos e alumnas.



<http://photopeach.com/album/54ug5x>

## PERSOAS TITORAS




**Juan Carlos Ávila  
Ribadas**

Mestre, especialista en  
educación infantil.



**Román Cerqueiro  
Landín**

Profesor de lingua  
galega en secundaria.



**M. Luz Balado  
Ferreiro**

Mestre, especialista en  
educación infantil; audición  
e linguaxe.

## OBXECTIVOS

Esta actividade formativa é – como o indica o seu nome – un obradoiro e polo tanto, contamos cun **obxectivo fundamental: proporcionarvos a posibilidade de experimentar, explorar, practicar... ler e escribir en dixital.**

Máis polo miúdo:

- Explorar as novidades que achega o eido dixital á comprensión lectora e á expresión escrita
- Experimentar con algunhas ferramentas e certos recursos dixitais e na rede
- Analizar algunhas estratexias para a inserción das novas tecnoloxías no eido educativo (en particular nos procesos de aprendizaxe e ensino da lingua escrita)
- Practicar a aprendizaxe colaborativa e en rede

## COMPETENCIAS PROFESIONAIS DO PROFESORADO

Consonte aos obxectivos que nos propoñemos poderíamos enumerar as destrezas que conformarán unhas competencias profesionais necesarias para os profesores e profesoras que pretendan **incorporar as prácticas de lectura e escritura dos seus alumnos e alumnas ao eido dixital, multimedia e interactivo.**

- Competencia para aprender de xeito cooperativo e mediado polas novas tecnoloxías.
- Competencia para crear e experimentar con recursos TIC para o ensino e a aprendizaxe



## CONTIDOS

Os contidos do curso están divididos en seis módulos:

O **primeiro módulo**, que denominamos “Inicial” consiste en varias propostas moi sinxelas e básicas que pretenden que o profesorado participante se familiarice coa contorna de traballo – a plataforma da aula virtual – e coñeza un pouco mellor as liñas de traballo, a estrutura do curso e mesmo ao grupo de compañeiros e compañeiras que compartirán esta experiencia.

A **continuación, o “Módulo nº1, Creación dunha bitácora persoal”** ten por obxecto fornecer a cada participante dunha ferramenta que será o vehículo fundamental da interacción ao longo da actividade e mesmo pode resultar de interese para o seu traballo docente: un blog.

Os **módulos 2, 3 e 4** desenvolven o groso da proposta de traballo. Son tres bloques de tarefas que se centran en cadanseu xénero textual (traballaremos cunha tipoloxía que explicaremos polo miúdo) con tarefas prácticas de lectura e escritura dixital e en rede.

Por último, o **“módulo final”** consistirá nunha proposta de tarefa colaborativa e que servirá de peche e ocasión para unha avaliación dalgúns dos aspectos centrais tratados ao longo da actividade.

## CORRELACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS COS CONTIDOS DO CURSO

Os obxectivos e contidos desta actividade están relacionados con todas as competencias básicas, nomeadamente coa **competencia en comunicación lingüística** porque:

- Atinxe fortemente ao eido da comunicación
- Céntrase en procesos de comprensión lectora e expresión escrita
- Trata aspectos relativos á competencia literaria
- Explora a capacidade de interacción cos medios de comunicación

É moi importante tamén a correlación con outras competencias básicas:

- **Competencia en manexo da información e competencia dixital**
- **Competencia social e cidadá**
- **Competencia para aprender a aprender**

## METODOLOXÍA

Deseñamos unha actividade baseada na **participación activa, na aprendizaxe mediante tarefas, en aprender – facendo, e moi especialmente, na aprendizaxe en rede**. As novas tecnoloxías da información e da comunicación ofrécennos enormes posibilidades para enriquecer os procesos de ensino e



aprendizaxe das nosas aulas. Intentaremos neste proceso formativo comprobar que isto pode ser certo.

Cada un dos módulos pretende ofrecervos a posibilidade de experimentar propostas de traballo lingüístico e literario mediado por estas novas tecnoloxías no eido do texto dixital e multimedia e – dun xeito moi especial – na rede. Entendemos que esta experiencia é a única que pode capacitarnos para incorporar propostas semellantes ao noso traballo docente porque resulta difícil ensinar aquilo que un/ha non coñece e non valora, por iso queremos que experimentes, que probes, incluso que goces.

E, como mencionamos ao principio deste apartado, contamos con que **o mellor recurso do que imos dispor é a colaboración**. O primeiro módulo está – entre outros asuntos – adicado á creación dunha rede, unha rede para compartir que será en todo momento o vehículo primordial para as vosas aprendizaxes.

### SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

Como mencionamos, a actividade comprende seis módulos que conforman unha secuencia de traballo. A súa orde podería ser diferente – agás no caso dos dous primeiros – porque non están organizados seguindo un criterio de menor a maior complexidade ou de inclusión sucesiva. En calquera caso, en cada un deles proporemos unha ou varias tarefas prácticas que haberá que resolver e presentar nos prazos establecidos para a superación da actividade.

Todas estas tarefas prácticas contarán con:

- Criterios de avaliación claros e concretos.
- Información pertinente e puntual sobre prazos e datas de entrega.
- Tutoriais e axudas para a súa realización.
- Apoio e seguimento das persoas titoras.
- Achegas para a consulta e/ou ampliación sobre a temática tratada.

#### CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

##### Modulo Inicial (5 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Actualización do perfil persoal na plataforma	18/02 - 25/02
2	Presentación no foro do módulo	18/02 - 25/02

*Actividades que implican familiarizarse coa contorna virtual de traballo e as destrezas máis elementais de tratamento de texto e imaxe dixitais.*

##### Modulo I (5 horas) CREACIÓN DUNHA BITÁCORA PERSOAL/DE AULA

Nº	Actividade	Datas
----	------------	-------



### **Modulo I (5 horas) CREACIÓN DUNHA BITÁCORA PERSOAL/DE AULA**

I	Creación dunha bitácora persoal /de aula	25/02 - 09/03
---	--	---------------

*Este caderno será a ferramenta esencial de traballo para esta actividade formativa. Quizais non remate aquí a súa historia.*

### **Modulo II (5 horas) LER E ESCRIBIR PARA COMUNICARSE**

Nº	Actividade	Datas
1	Elaboración dunha entrada (Post)	10/03 - 25/03
2	Noticario virtual	10/03 - 25/03

*Primeiras prácticas con xéneros textuais dixitais.*

### **Modulo III (5 horas) LER E ESCRIBIR PARA EXPRESARSE**

Nº	Actividade	Datas
1	Microrrelato ou videopoema	26/03 - 10/04
2	Actividade CR (CRítica e CReativa)	26/03 - 10/04

*Continúan as experiencias de lectoescritura dixital.*

### **Modulo IV (5 horas) LER E ESCRIBIR PARA APRENDER**

Nº	Actividade	Datas
1	Elaboración de mapas (conceptos, acontecementos, ideas...)	11/04 - 26/04
2	Explicarse a través de presentacións	11/04 - 26/04

*Dúas propostas máis para a experimentación.*

### **Modulo V (5 horas)**

Nº	Actividade	Datas
1	Construción dun itinerario virtual colaborativo	27/04 - 10/05

*Esta será unha proposta de escrita dixital multimedia para desenvolver coa participación de todos e todas.*

## **COMUNICACIÓN COAS PERSOAS TITORAS**

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co seu titor:



- A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou posts.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma tamén coñecido como Chat. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.

## AVALIACIÓN

Os obxectivos que vertebran o deseño desta actividade formativa servirán como referente esencial para a súa avaliación. Deste xeito, observando o seu grao de desenvolvemento poderemos valorar o proceso e establecer as oportunas medidas e axustes para o seu mellor aproveitamento por parte do profesorado participante.

Recorda que se trata de que:

- Explore as posibilidades que ofrecen as ferramentas e recursos propios da web 2.0 no eido da comprensión lectora e a expresión escrita.
- Inicies procesos de innovación didáctica a través das TIC
- Experimentes a aprendizaxe colaborativa e en rede

Trataremos de compartir estas reflexións con cada docente que participe na actividade e abrir espazos de posta en común e debate para facer esta avaliación compartida e formativa.

En canto á superación da actividade e á súa certificación, tendo en conta o seu carácter virtual, establecemos unha **secuencia de tarefas prácticas cuxa elaboración correcta e presentación puntual serán os requisitos necesarios e suficientes para dita validación.**

## REQUIRIMENTOS PARA SEGUIR O CURSO

En xeral, para a realización das actividades que conforman este curso de formación será preciso contar cun computador con acceso a internet. Non será preciso ningún software especial.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.